

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BERGONDO

Urbanismo

Anuncio concurso "Búscanse Invasoras"

Anuncio Concurso "búscanse invasoras"

Con data xoves 9 de xaneiro de 2020, a xunta de goberno local, en sesión ordinaria, aprobou as bases do Concurso "Búscanse Invasoras", que deseguido se transcriben literalmente:

CONCURSO "BÚSCANSE INVASORAS"

1. PARTICIPANTES

Poderán participar as persoas empadroadas no Concello de Bergondo, ou que curse os seus estudos nos centros educativos presentes no Concello.

2. OBXECTO DO CONCURSO

Aportar información ó Concello sobre a presenza de Especies Exóticas Invasoras, (reguladas no Real Decreto 630/2013 do 2 de agosto , modificado polo Real Decreto 216/2019 do 29 de marzo , BOE núm 77, do 30 de marzo de 2019) coa finalidade de dar a coñecer este problema entre a poboación do concello.

3. PRESENTACIÓN

Os participantes aportarán esa información por medio da aplicación municipal Bergondo Contigo; ou da ferramenta na páxina web municipal Aviso de incidencias.

Outra vía será presencial, aportando a información na concellería de medio ambiente.

Os datos para a participación serán os obrigatorios nestas ferramentas tecnolóxicas; ou na vía presencial o nome e vía de contacto, teléfono e/ou correo electrónico.

En calquer caso aceptarán a prestación deses datos (incluídas imaxes) e o cumprimento da lexislación sobre protección de datos de carácter persoal.

4. PREMIOS

Estancia de 3 días nunha casa de turismo rural para dous adultos e ata 2 nenos.

5. PROCEDEMENTO

Por cada observación válida da presenza dunha Especie Exótica Invasora, das presentes no Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras, o participante obterá un número. Con ese número participará no sorteo do premio.

Posto que a finalidade do concurso é concienciar e fomentar o coñecemento da problemática das Especies Exóticas Invasoras, calquer observación será válida, aínda sendo redundante sobre outras. Por iso tamén o serán as referidas ás marcadas pola organización nalgúns puntos do concello mediante cintas de cores, onde figurará a lenda INVASORA, seguida do nome da especie. A finalidade deste marcado é didáctica e busca fomentar a participación.

A validez da observación será decidida polo técnico da empresa xestora do concurso dacordo co concelleiro de medio ambiente.

Para elo o participante terá que aportar unha posición exacta da especie para a comprobación, ou fotografías claras da especie e da súa situación. De acudir ó lugar indicado e non localizar ningunha das especies obxeto do concurso a observación non será válida. Tampouco se a fotografía non vai acompañada do posicionamento e non aparecen nela referencias do lugar.

A data límite para a aportación de información será o 31 de marzo de 2020 ás 14:00 horas.

O sorteo terá lugar o 15 de Abril de 2020. A hora e o lugar, no propio Concello, será publicada días antes na web municipal.

O concello garante a imparcialidade na realización dese sorteo. Para elo este será público.

6. NOTIFICACIÓN AOS GAÑADORES

Aos premiados/as notificaráselles a súa condición a través do número de teléfono e/ou correo electrónico que faciliten. Tamén será publicado na páxina web do concello.

7. USO DA INFORMACIÓN APORTADA

Todas a información, incluídas as imaxes, será cedida ó concello de Bergondo, que a utilizará como mellor considere. Principalmente para accións de divulgación, pero tamén para a xestión das EEI localizadas.

8. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación neste concurso supón a total aceptación das bases.

As imaxes aportadas quedarán en propiedade do Concello de Bergondo que poderá expoñelas, publicalas e editalas en forma de material divulgativo en calquera acción que realice, facendo constar sempre o nome do autor/a. Os/as participantes responsabilízanse na súa totalidade de que non existen dereitos de terceiros, así como toda reclamación por dereitos de imaxe.

Bergondo, 23 de xaneiro de 2020

A Alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez

2020/569